



**RESOLUCIÓN DA CONCELLERÍA DELEGADA DO SERVIZO DE PERSOAL E CULTURA POLA QUE SE PROCEDE Á APROBACIÓN DA LISTA ÚNICA DE RESERVA (LISTA A) PARA A PROVISIÓN INTERINA DE PRAZAS OU A SUBSTITUCIÓN TEMPORAL DE PERSOAL FUNCIONARIO DO CONCELLO DE PONTEVEDRA COA CATEGORÍA DE TÉCNICO/A MEDIO/A INFORMÁTICO/A OEP 2020.**

Examinado o expediente tramitado para a creación da Lista única de reserva para a provisión interina de prazas ou a substitución temporal de persoal funcionario do Concello coa categoría de **técnico/a medio/a informático/a** resultan relevantes os seguintes:

**ANTECEDENTES DE FEITO**

Con data do 08/06/2021, o tribunal cualificador do proceso selectivo convocado para cubrir unha praza de técnico/a medio/a informático/a de administración especial polo sistema de oposición libre incluída na OEP do ano 2020 emite proposta de lista única de reserva (lista A) por oposición para a provisión interina de prazas ou a substitución temporal de persoal funcionario do Concello de Pontevedra coa categoría de técnico/a medio/a informático/a.

**FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**Primeiro.**- O artigo 23 do III Acordo regulador do persoal funcionario do Concello de Pontevedra, publicado no BOP núm. 93, de 14 de maio de 2007, prevé que o Concello se compromete a manter unhas listas de substitucións para supostos de vacantes transitorias.

**Segundo.**- A Xunta de Goberno Local na sesión que tivo lugar o día 7 de xuño de 2004 prestou aprobación ás Bases xerais para a provisión interina de prazas de funcionarios vacantes e para a substitución temporal de persoal funcionario ou laboral do Concello.

**Terceiro.**-A Xunta de Goberno Local na sesión que tivo lugar o día 2 de maio de 2006, adoptou un novo acordo no que, no seu punto primeiro, se procede á derogación do artigo 6 das Bases xerais reguladoras para a provisión interina de prazas de funcionarios vacantes e para a substitución temporal de persoal funcionario ou laboral do Concello, aprobadas mediante acordo de 7 de xuño de 2004, que regula os requisitos para a inclusión na lista única de reserva priorizada cando non se tivesen convocado oposicións.

Neste senso, e consonte o previsto no artigo 5 das referidas Bases xerais, existirá unha única lista de reserva priorizada que estará constituída por aqueles/as opositores/as a unha determinada categoría profesional que habendo superado con cualificación positiva todos os exercicios, non obtivesen praza.

A efectos de incluílos/as na lista de aspirantes serán ordenados/as en función da puntuación total obtida nas probas da oposición. Cada vez que se resolva un proceso selectivo elaborárase unha nova lista que substituirá á que ata ese momento existía para esa categoría, decaendo nos seus dereitos os/as compoñentes da lista anterior.



A constitución desta lista farase de oficio polo servizo de persoal do Concello en base aos listados de cualificacións dos/as opositores/as.

**Cuarto.-** A base vixésimo segunda das Bases xerais reguladoras da convocatoria de procesos selectivos para cubrir as prazas vacantes incluídas na oferta emprego público de 2020, publicadas no BOP núm. 175 do 10/09/2020, determina que nas quendas libres os/as opositores/as que superen algún dos exercicios da oposición, incluíranse, de oficio, nas listas de reserva para cubrir necesidades de emprego de carácter interino ou temporal. Asemade, poderán ser chamados/as nos mesmos termos para prover temporalmente postos reservados ao persoal laboral, cando o seu grupo, categoría e funcións sexan as mesmas.

Estas listas elaboraranse polos tribunais cualificadores dos distintos procesos selectivos nos termos que se establece na devandita base vixésimo segunda das bases xerais e aprobarase mediante resolución da concelleira responsable na área de persoal.

Estas listas estarán en vigor ata que se realice un novo proceso selectivo, coa finalidade de prover en propiedade os postos correspondentes ás categorías das que se trate e, en todo caso, por un prazo máximo de 4 anos.

Sen prexuízo de que, con anterioridade, concorra algunha das causas que motive o cesamento de calquera funcionario/a interino/a de conformidade coa lexislación vixente, á finalización de cada proceso selectivo coa resolución de nomeamento dos/as funcionarios/as de carreira, todos/as os/as funcionarios/as interinos/as que ocupen postos de traballo correspondentes ás categorías das prazas convocadas cesarán automaticamente, independentemente de que se cubran todas as prazas e postos da categoría con funcionarios/as de carreira. Así mesmo, perderán vixencia todas as listas de interinos/as correspondentes ás categorías das prazas convocadas xeradas a partir de toda clase de procesos selectivos anteriores a presente convocatoria.

Do mesmo xeito, todos/as os/as funcionarios/as interinos/as que se nomeen con cargo ás listas de reserva configuradas a partir dos procesos selectivos regulados nas presentes bases cesarán, á finalización de posteriores procesos selectivos que, en execución de oferta de emprego público, se convoquen para a cobertura definitiva de prazas vacantes, independentemente de que se cubran todas as prazas e postos da categoría con funcionarios/as de carreira. A finalización dos devanditos procesos selectivos e a posterior aprobación das correspondentes listas de reserva producirá, así mesmo, a perda de vixencia das listas de reserva aprobadas con cargo á presente base reguladora.

**Quinto.-** As regras de funcionamento da lista de reserva e renuncias se establecen na base vixésimo terceira das anteditas Bases xerais reguladoras da convocatoria de procesos selectivos para cubrir as prazas vacantes incluídas na oferta emprego público de 2020, as cales se dan por reproducidas nesta resolución para os efectos da súa aplicación á lista de reserva obxecto de aprobación.

**Sexto.-** Correspóndelle á Xunta de Goberno Local a resolución do presente expediente, a teor do disposto no Art. 127 de Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local segundo redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Modernización do Goberno Local e no Art. 21 do Regulamento orgánico do goberno e da administración municipal, publicado no BOP núm. 248 do 28 de decembro de 2005.

A dita competencia delegouse na concellería delegada do Servizo de Persoal e Cultura mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15/06/2019.

En atención ao exposto, esta concellería no exercicio das súas atribucións delegadas, presta a súa conformidade á proposta de lista de reserva emitida polo tribunal cualificador do proceso selectivo convocado para cubrir unha praza vacante de técnico/a medio/a informático/a incluída na OEP do ano 2020 pola quenda libre





TRG

**RESOLVE:**

**Primeiro.-** Prestar aprobación a lista única de reserva (Lista A) para a provisión interina de prazas ou a substitución temporal de persoal funcionario do concello coa categoría de **técnico/a medio/a informático/a** de administración especial (Grupo A, subgrupo A2), que se ordena segundo a puntuación total obtida na oposición convocada para cubrir unha praza de técnico/a medio/a informático/a, incluída na oferta de emprego público de 2020, polo sistema de oposición libre:

ORDE	NOME E APELIDOS	TOTAL
1	SERAFÍN GONZÁLEZ DAVILA	23,57
2	MANUEL VILLAVARDE GULIAS	22,95
3	SAMUEL ALONSO PÉREZ	22,03
4	ROI GÓMEZ LÓPEZ	16,14
5	JOSE CARLOS MOURIÑO GALLEGO	11,06
6	CÉSAR RODRÍGUEZ DORADO	5,56

**Segundo.-** Esta lista estará en **vigor** ata que se realice un novo proceso selectivo, coa finalidade de prover en propiedade os postos correspondentes ás categorías das que se trate e, en todo caso, por un **prazo máximo de 4 anos**.

**Terceiro.-** As regras de funcionamento e renuncias da lista única de reserva serán as recollidas na base vixésimo terceira das Bases xerais reguladoras da convocatoria de procesos selectivos para cubrir as prazas vacantes incluídas na oferta emprego público de 2020, publicadas no BOP núm. 175 do 10/09/2020.

**Cuarto.-** Dispoñer a publicación da presenta lista no Taboleiro de Anuncios da Casa Consistorial para que os/as interesados/as poidan interpoñer alegacións no prazo de dez días.

Así o ordena e dispón a Concellería delegada, perante o Secretario da Administración Municipal, que da fe da precedente Resolución.

